

Natalia Prieto Viso

Naceu en Ourense en 1979. É licenciada en Dereito pola Universidade de Vigo, Campus de Ourense (1997-2002). Funcionaria de carreira do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia -Subgrupo A1- (Orde do 23 de xullo de 2009, DOG nº 151, do 4 de Agosto) e funcionaria de carreira do Corpo de Xestión da Administración Civil do Estado -Subgrupo A2- (Orde APU/4207/2006, do 22 de decembro, BOE nº 14, do 16 de xaneiro).

Experiencia profesional:

Desde xaneiro de 2013 ata a actualidade desempeña o posto de Directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Desde febreiro do 2011 a decembro 2012 foi Subdirectora Xeral de Réxime Xurídico, Administrativo e Recursos Humanos da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Desde marzo do 2010 a febreiro de 2011 foi xefa do Servizo Técnico Xurídico da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Desde agosto do 2009 a marzo de 2010 foi xefa de sección de contratación do entón Organismo Autónomo Augas de Galicia.

Desde febreiro do 2007 a maio de 2009 desempeñou distintos postos na Delegación de Goberno de Madrid e no Instituto Nacional de Administración Pública con sede en Madrid, como funcionaria do Corpo de Xestión da Administración civil do Estado.

Desde decembro do 2006 ata febreiro de 2007 ocupou unha Posto Base do Corpo Superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), con destino na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da entón Consellería de Cultura e Deporte.

Desde outubro do 2005 ata setembro de 2006 foi técnico de Medio Ambiente na Cámara de Comercio e Industria de Ourense.